

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e o Colexio profesional de Hixienistas dentais de Galicia, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

En Santiago de Compostela, trinta e un de marzo de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, don José María Suárez Quintanilla, presidente do Colexio de Odontólogo se Estomatólogos de A Coruña, como representante legal do mesmo, segundo nomeamento acordado na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 16 de xuño de 2011

E dona Andrea Pardo Rivera, presidenta do Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, como representante legal do mesmo, segundo nomeamento acordado na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 8 de xuño de 2013.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,



EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que a Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b. Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das

- empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
 - Actualización profesional dos traballadores e das traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
 - A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
 - Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación

A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que o Colexio de Odontólogo se Estomatólogos de A Coruña, ten entre os seus fins a ordenación do exercicio da profesión, a representación da profesión nos termos que estableza a normativa aplicable, a protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo iso sen prexuízo da competencia da Administración Pública por razón da relación funcional.

5. Que o Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, ten entre os seus fins, ordenación do exercicio da profesión, a representación da profesión nos termos que estableza a normativa aplicable, a protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios dos servizos dos seus colexiados, participar de forma activa coas entidades de formación dos futuros titulados en Hixiene Dental no avance dos plans de estudo e na preparación destes a tras do asesoramentos das autoridades académicas e mediante a formalización de cauces de cooperación cos centros educativos, todo iso sen prexuízo da competencia da Administración Pública por razón da relación funcional.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e o Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnos que cursen formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas clínicas dentais dos profesionais colexiados nos referidos colexios.
- b. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c. Creación dun programa de bolsas de formación por parte dos colexios asinantes deste convenio.
- d. Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade, mediante o recoñecemento da experiencia laboral e dentro da normativa vixente, aos traballadores das clínicas dentais.
- e. Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- f. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.
- g. Colaboracións dos centros educativos e do persoal técnico da consellería, naquelas actuacións do Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e do Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, que sexan de interese, para ambas partes.

Segunda. Programa de formación en centros de traballo

Os centros que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito e para cada curso escolar, cos Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e co Colexio

profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, os alumnos que vaian realizar o módulo de formación en centros de traballo, previsto nos ciclos formativos, nas clínicas dentais dos seus colexiados. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo (FCT).

O centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos titores responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un titor ou titores que colaborarán co titor do centro de traballo na elaboración do programa formativo e no apoio técnico aos alumnos.

Cada alumno asistirá á clínica dental provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas da mesma no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. A clínica dental poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o titor do mesmo.

O alumno non terá en ningún caso vinculación laboral coa clínica dental, non podendo establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que os alumnos acollidos a este convenio quedan absolutamente excluídos da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a clínica dental e o alumno, mentres non se revoque expresamente o concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e o centro de traballo, respecto dese alumno.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumno, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceira. Formación e actualización do profesorado

A proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas de común interese, tanto para persoal específico das clínicas dentais, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A tal fin, o Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e o Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia colaborarán, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estadias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarta. Programa de bolsas de formación

O Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e o Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia crearán un programa de bolsas de formación para cada curso académico destinadas ao alumnado titulado en formación profesional.

Os colexios fixarán as bases de cada convocatoria na que se contemplará os criterios de selección, o importe da bolsa, a súa duración, que oscilará entre dous meses e un ano, e demais condicións do programa de bolsas de formación.

Quinta. Formación dos traballadores das clínicas dentais. Recoñecemento da experiencia laboral

En relación as demandas dos colexios respecto aos traballadores das clínicas dentais, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria analizará a posibilidade de ofrecer as cualificacións profesionais ou unidades de competencia vinculadas a determinados postos de traballo das clínicas dentais.

Sexta. Fomento da interrelación alumno-profesor-clínica dental

A Consellería colaborará co Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e co Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia naquelas campañas sobre os riscos e coidados da saúde bucal, para a súa difusión nos centros educativos.

Así mesmo, para favorecer a aplicación dos coñecementos teórico-prácticos adquiridos polo alumnado nos centros educativos e coñecer de forma real, a organización socio-laboral dunha clínica dental, promoveranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Visitas guiadas dos alumnos ás clínicas dentais.
- Xornadas informativas.



- Charlas técnicas impartidas por persoal destes colexios nos centros de formación profesional durante o período lectivo.
- Asistencia do alumnado a congresos, feiras e encontros sectoriais, co obxecto de proporcionarlle unha visión global deste ámbito profesional, as súas tendencias, a aplicación das novas tecnoloxías e sistemas de organización empregados e outra información de interese.

Neste sentido, fomentárase a transferencia de coñecemento entre o profesorado e as clínicas dentais mediante a organización de xornadas técnicas coa participación de profesorado das diferentes materias e de profesionais deste ámbito profesional; así como tamén, poderase contar coa participación de persoal técnico desta consellería.

Sétima. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un dos cales actuará como presidente da comisión.
- b. Dous representantes do Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de A Coruña e do Colexio profesional de Hixienistas Dentais de Galicia.
- c. Un funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario.

Oitava. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data de finalización do convenio.

Novena. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2, do



Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano na lugar e data indicados.

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

O Presidente do Colexio de Odontólogos e
Estomatólogos de A Coruña

A Presidenta do Colexio profesional de
Hixienistas Dentais de Galicia

Asdo.: José María Suárez Quintanilla

Asdo.: Andrea Pardo Rivera